



CONCELLO DE MONTERREI (OURENSE)

DECRETO

Monterrei, 11 de xullo de 2022

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ
ALCALDE-PRESIDENTE

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, do "Aluguer do espazo enogastronómico na Vila de Monterrei".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de xuño de 2022, no que se presenta a relación de licitadores e as puntuacións acadadas, a cal é por orde decrecente a seguinte.

LICITADOR	PUNTUACIÓN
GRELONEGRO SL	58

Logo da comprobación no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, constatouse que a empresa está debidamente constituída e acordouse, así mesmo, requirirlle a Grelonegro, SL, mediante notificación electrónica, para que constituíra a garantía definitiva, que achegara os compromisos aos que se refire o artigo 75.2 da LCSP 2017 e demais documentación, no prazo de sete días hábiles dende a dita notificación.

Visto que con data 8 de xullo de 2022, o licitador Grelonegro SL, constituíu garantía definitiva por importe de 720 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

No uso das competencias que me outorga a lexislación vixene, ACORDO:

PRIMEIRO. Avocar para esta licitación a competencia que esta Alcaldía fixo na Xunta de Goberno Local en materia de contratación.

SEGUNDO. Adxudicar á empresa Grelonegro, SL, o contrato "Aluguer do espazo enogastronómico na Vila de Monterrei"., por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, oferta máis vantaxosa, por un importe total de 14.400 € (IVE excluído) e 3.024,00 € de IVE.



TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a Grelonegro, SL, adxudicatario do contrato, este acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar en Monterrei nos quince días hábiles seguintes ao da recepción do acordo de adxudicación. Así mesmo, deberá acreditar que o asinante da proposición e o que asina o contrato ten poder bastante para realizar tales actos.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato “Aluguer do espazo enogastronómico na Vila de Monterrei”. no perfil de contratante nun prazo non superior a oito días dende o perfeccionamento do contrato.

Así o acordou e asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O alcalde

O secretario

* Documento asinado electronicamente á marxe

